

Rivas: «O peor tóxico do narcotráfico foi a creba das defensas éticas da sociedade»



[Xesús Fraga](#) REDACCIÓN/LA VOZ. [CULTURA](#)

O escritor novela en «Todo é silencio» a metamorfose que sofre unha vila galega por mor do contrabando

09 out 2010.

Os vieiros da literatura teñen os seus antollos. Hai anos, Manuel Rivas pasaba unha tranquila tarde de lectura entre os penedos da costa cando o sobresaltaron unha serie de estoupidos. «Eu pensaba que viñan dentro da terra, ata que me decatei de que dende aquel pesqueiro tan bucólico botaban dinamita ao mar», lembra. Aquela escena agroma agora de novo no capítulo inaugural de *Todo é silencio* (Xerais), unha novela centrada na capacidade envelenadora do narcotráfico nunha vila galega atlántica, á que o escritor bautizou como Brétema, «un local universal».

O libro narra como desemboca a venda de volframio, o estraperlo de subsistencia, o tráfico de emigrantes e despois de tabaco nunha superestrutura dedicada á introdución de droga en Europa a través de Galicia. Neses anos, a década dos oitenta, a comunidade «situouse en primeira liña da sociedade de risco», a piques de converterse nunha Sicilia. Non aconteceu, en opinión de Rivas, pola intervención decisiva do xuíz Garzón e a contestación social encabezada polas nais e as asociacións contra a droga. Esa globalización criminal que representou a chegada da cocaína trouxo unha morte xa anticipada no comezo de *Todo é silencio*, cando o océano cospe cadaleitos, a carga dun mercancías naufragado. «O mar é o que di a verdade», advirte Rivas, dun libro cargado de mutismo, evocado nas liñas do salmo: «Teñen ollos e non ven, teñen boca e non falan, teñen oídos e non escoitan».

Suspensión da consciencia

Para o escritor, ese silencio simboliza o peor «tóxico» do narcotráfico: «Esfarela todas as defensas éticas da sociedade. O peor do gangsterismo non é como destilaban o alcohol ilegal, senón a creación dun poder oculto, que corrompe a idea do ben público e as institucións». En Galicia, traducíuse nunha «suspensión da consciencia» que produciu indiferenza no mellor dos casos e complicidade en moitos outros. «Había alcaldes nesa órbita», rememora Rivas, quen puxo o

punto final ao seu libro no peor dos escenarios, «cando a corrupción se infiltraba nas institucións e podía constituírse unha forma de mafia».

Se o crime se organiza, ¿por que non o fai o Estado? A pregunta faina no libro o personaxe arredor do que xiran as vidas de Brétema: o Mariscal. Para describilo, Rivas fala dun «Falstaff malévolo» ou ben dun Zeus, «xa que ten e a presenza omnipotente dun deus, pero non pode evitar enlearse cos asuntos dos humanos». O escritor concibira ao seu capo como un tipo «frío, implacable nos seus actos, e silandeiro», pero no proceso da escrita veuse sorprendido pola locuacidade dun personaxe que se revela a través do que di: mesmo concede entrevistas á prensa. O Mariscal encarna a metamorfose e integración dunha actividade criminal que xa non ten fronteiras, pero que se val dos «fíos históricos» como o anterior contrabando e un clima de deterioro moral: eis o exemplo da pesca con dinamita.

Despois da estrutura de «esfera armilar» sobre a que teceu a longa novela Os libros arden mal, Rivas fai avanzar Todo é silencio «a golpes de mar». Unha historia que narra dende a ficción e non o documentalismo á mantenta: «A literatura ten a capacidade do matiz e a ficción conta mellor algunhas cousas», defende o tamén xornalista. Precisamente dende o periodismo e nalgúns contos Rivas xa abordara o mundo dos narcos, pero non foi ata agora que cristalizou nunha «visión moi completa», un impulso que equipara ao andar de Charlot, movido a medias pola «casualidade e a causalidade». Todo é silencio preséntase o vindeiro xoves día 14, ás 19.30 horas, na librería Couceiro de Santiago.